

PROCESO ELECTORAL PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DOS DISTINTOS SECTORES DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

BENQUERIDAS FAMILIAS:

De conformidade co establecido na **RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021**, da *Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional*, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que estará integrada por: a directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o *artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo*. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, **celebrarase neste Centro o venres, día 29 de outubro, ás 12.30 horas na sala de mestres.**

A Xunta Electoral constituirase o día 3 DE NOVENBRO ÁS 13:20 HORAS na secretaría do centro.

Este ano corresponde renovar TRES representantes do profesorado, TRES das familias e UN do persoal non docente.

Nota: Os membros integrantes da Xunta Electoral, das Mesas Electorais e os electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 107.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de emprego público de Galicia.

Un afectuoso saúdo,

O EQUIPO DIRECTIVO